

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR Á ORDE DE 25 DE XANEIRO DE 2022 QUE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN

ADECUACIÓN PROGRAMACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS

(Actividades de apoio, reforzo e recuperación / actividades de ampliación / instrumentos e criterios de cualificación) (segundo o artigo 7 da citada ORDE)

Ver addendas dos respectivos departamentos na web do centro.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN (segundo o artigo 8 da citada ORDE)

Superar todas as materias ou ámbitos cursados, **ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

No caso de ter máis de dúas materias suspensas, o equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran as condicións seguintes de xeito simultáneo.

- Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- Que o equipo docente considere* que a natureza das materias non superadas lle permite **seguir con éxito o curso seguinte**.
- Que o equipo docente considere* que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere* que a devandita promoción **beneficiará a súa evolución académica**.

CRITERIOS DE TITULACIÓN (segundo o artigo 10 da citada ORDE)

Superar todas as materias ou ámbitos, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título sempre que se cumpran as **condicións seguintes de xeito simultáneo**.

- Media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- Que a xuízo do equipo docente* o alumno **adquirise as competencias establecidas**.
- Que a xuízo do equipo docente* que o alumno/a **acadase os obxectivos de etapa**.

*As decisións serán adoptadas na sesión de avaliación final de xeito colexiado polo profesorado que imparte as materias en que estea matriculado/a (atendendo ó logro dos obxectivos, adquisición de competencias e tendo en conta os criterios de promoción e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe). De non existir unanimidade, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

*Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ó seguinte curso ou a obtención do título segundo os criterios de promoción e titulación establecidos para todo o alumnado.



CRITERIOS DE CONCESIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA (segundo o artigo 12 da citada ORDE)

Poderán recibir a mención de matrícula de honra un número máximo de alumnos/as igual ó enteiro máis próximo ó 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. Cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a 20, poderá concederse unha mención de matrícula de honra. Os criterios serán:

- a) Nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos.
- b) O estudante coa maior nota media no cuarto curso.
- c) O estudante con maior número de deces no cuarto curso.
- d) O estudante con maior nota media en 3º de ESO.
- e) En caso de persistir o empate, tomaranse como criterios de desempate as notas medias dos cursos anteriores.